




USO DAS TIC NA AULA: O encerado dixital interactivo EDI



Basado en artigos de Pere Marqués e
no Informe Red.es 2006- O encerado interactivo como recurso na aula



Propostas didácticas de uso do EDI

As posibilidades de utilización e de aproveitamento didáctico do encerrado dixital na aula son moitas, vexamos algunhas propostas eficaces

MODELOS CENTRADOS NO PROFESOR

- Iniciativa do docente. Uso tradicional con recursos TIC:
 - Reforzo audiovisual con materiais dixitais de propia elaboración, de editoriais, de internet,...
 - Poden quedar a disposición dos alumnos no blog diario de clase ou na intranet do centro.
 - Pódese empregar un sistema de votación electrónico para responder a preguntas realizadas.
 - Realizar modelos, repasar, presentar materiais.

- Realizar exercicios entre todos:
 - Proxección de exercicios interactivos (Jclic, Ardora, Lim, notebook,...) formulando preguntas , razoando respostas, debatindo solucións.
 - Usar o lector de documentos para libros, fichas, correxir libretas ou deberes,...
 - Realizar ditados, leturas coletivas,...
 - Actividades mulmimedia de música, idiomas, plástica.

- Realizar sínteses na PDI, os alumnos son relatores:
 - Introducir un tema, un alumno-relator toma nota das ideas clave para ser ampliadas e comentadas entre todos.
 - Cun teclado/rato inalámbrico dende a mesa outros compañeiros fan aportacións que logo comentan.
 - Facer un debate e o relator recolle as conclusións (blog diario ou intranet).

- Chats e video conferencias:
 - Comunicarnos por videoconferencia cun experto que nos fala dun tema, con alumnos doutro centro, doutro país,...
- Revisar o blog diario de clase, corregir, comentar.
- Improvisar:
 - Ampliar información dun tema que interesa, dun tema que xurde espontáneo, unha noticia relevante,...


- Tratamiento ante NNEE: dificultades motóricas, de visión, de audición, utilización de elementos de apoyo unicornios, teclados adaptados, lupas,...

MODELOS CENTRADOS NOS ESTUDANTES

- Búsqueda de información e de recursos diácticos en internet e presentalos/comentalos cos compañeiros.
- Presentación e discusión dos seus traballos: monografías, esquemas, webquest.
- Exposición dun tema de repaso, os alumnos fan de profesores.

- Presentación ante os compañeiros dunha batería de preguntas sobre un tema, preguntas en ppt, en papel, con imaxes,...
- Creación de materiais didácticos de apoio dun tema: unha reportaxe, unha unidade didáctica,...
- Realizar gravacións en vídeo de exposicións.
- Preparación dunha viaxe virtual a ... con enlaces.

- Presentación de traballos colaborativos intercentros por videoconferencia.
- Revisión e comentario da prensa. Cda día dous alumnos escollen unha noticia en 3 minutos deben expoñela.
- Realización de debates con apoios multimedia.



O EDI

Na práctica docente:
o proceso de ensino aprendizaxe

O EDI na nosa práctica: os Procesos de ensino e aprendizaxe

- 🌐 Aumenta a atención, a comprensión e a retentiva dos alumnos.
- 🌐 A participación é máis activa incluso en alumn@s de ESO e bacharelato.
- 🌐 A motivación aumenta en dúas direccións: alumn@/mestre.
- 🌐 As nosas clases son moito máis interesantes e atractivas.

Razóns do éxito

- 🌐 O encerado dixital: unha das bases tecnolóxicas da escola do futuro

O encerado dixital na aula de clase abre unha fiestra ao mundo actuando como xerme de innovación e cooperación (acceso á base de coñecemento de Internet, compartir, comentar, comunicarse ...)

- 🌐 Imos descubrindo as múltiples posibilidades á vez que ensaiamos novas metodoloxías docentes, producíndose unha renovación dos procesos de ensino e aprendizaxe.

 Supón unha fonte inesgotable de información multimedia e interactiva dispoñible de xeito inmediato na aula que permite aproveitar didacticamente moitos materiais realizados por profesores, alumnos e persoas alleas ao mundo educativo.

- 🌐 O encerrado dixital resulta moi fácil de utilizar. (Familiarizámonos rapidamente co sistema, aínda que ás veces deberemos realizar pequenos esforzos complementarios (procura de webs interesantes, elaboración de esquemas e apuntes...))



O acceso á información realízase de xeito inmediato. Non fai falla adicar moito tempo a preparar materiais, basta con coñecer a súa existencia .

 Os temas que se tratan na clase aproxímanse máis ás súas experiencias previas. Resúltalles máis fácil relacionar o novo co que xa saben.



Posibilita que as clases poidan ser máis dinámicas, vistas e audiovisuais, facilitando aos estudantes o seguimento das explicacións do profesorado.

 Os alumnos están máis atentos, motivados e interesados polas asignaturas. Ata naquelas contornas nos que resulta difícil manter a disciplina e o ambiente de traballo , en clase constátase unha menor conflitividade.

- 🌐 Os alumnos teñen un papel máis activo nas actividades de clase, participan máis, teñen máis autonomía e dispoñen de máis oportunidades para o desenvolvemento de competencias tan importantes na sociedade actual .

 O profesorado aumenta a súa autoestima profesional: está utilizando eficazmente as tecnoloxías avanzadas, mellorou o que facer docente, mellora a formación do alumnado... Explora en Internet e investiga na clase. Co tempo vai descubrindo novas posibilidades metodolóxicas e moitos novos recursos aplicables (sobre todo en Internet) para o tratamento da diversidade.

 Relaciónase o mundo de fóra da aula co mundo da aula a través das informacións que aporta Internet sobre a prensa, os programas de televisión.. buscar e seleccionar información, realizar traballos multimedia e presentalos publicamente aos compañeiros...

- 🌐 Facilita o tratamento da diversidade, xa que permite a presentación dunha gran variedade de recursos. As posibilidades do encerrado electrónico para innovar, motivar aos estudantes, promover aprendizaxes máis significativas, atender adecuadamente a diversidade do alumnado..., son inmensas.

- 🌐 Nalgúns casos, o profesorado deberá realizar esforzos complementarios importantes (elaboración de transparencias, apuntes, materiais didácticos interactivos), pero en xeral o seu emprego non suporá unha maior dedicación. A un toque de rato, temos a biblioteca universal de Internet ao noso alcance en clase.